

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE MAIO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezaseis de maio de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as once horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 7 de maio de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

— Manuel Faílde Vázquez

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 14 de xullo de 2023 (RE-E núm. 407), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MANUEL FAÍLDE VÁZQUEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DA PENELA, PARROQUIA DE PEDROSO

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	LEGALIZACIÓN DE EDIFICACIÓN DESTINADA A ALMACÉN AGRÍCOLA
REFERENCIA CATASTRAL PARCELA	36047A057002260000PD
LUGAR	A PENELA
PARROQUIA	PEDROSO
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DE DATA 08/05/23)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra asinada pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro en data 12/07/23 (visado colexial núm. ██████████).
- Acta de comprobación favorable de data 13/05/24.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

3.- ADXUDICACIÓN DE LICENZA DE USO COMÚN ESPECIAL PARA A INSTALACIÓN DE SERVIZO DE BARRA/BAR DURANTE A CELEBRACIÓN DO “SABOR LABREGO RODEIRO” 2024

De conformidade co disposto por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 7 de maio do corrente, procedeuse á licitación pública dunha licenza de uso común especial para instalación do servizo de barra/bar durante a celebración do “Sabor Labrego Rodeiro” 2024. Nesa mesma data publicouse a correspondente licitación no Perfil do Contratante do Concello.

Durante o prazo de presentación de proposicións, que rematou o día 14 de maio de 2024, recibíronse no Rexistro municipal as seguintes:

- ✓ Eventos Vodevil S.L. (RE núm. 735, do 14/05/24)
- ✓ Piñeiro Pub S.L. (RE núm. 736, do 15/05/24)

Procedeuse polos servizos técnicos municipais á apertura dos sobres coas proposicións presentadas, á comprobación dos requisitos esixidos e á valoración das mesmas segundo o criterio de adxudicación do prego, co seguinte resultado:

LICITADOR	CIF	PREZO OFERTADO	PUNTOS
EVENTOS VODEVIL S.L.	██████████	4.001,85 €	17,88
PIÑEIRO PUB S.L.	██████████	4.477,00 €	20,00

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar a licenza de uso común especial para a instalación do servizo de barra/bar durante a celebración do “*Sabor Labrego Rodeiro*” 2024, a sociedade PIÑEIRO PUB S.L., con CIF núm. ██████████ e con domicilio social en Silleda, no prezo de CATRO MIL CATROCENTOS SETENTA E SETE EUROS (4.477,00 €).

Segundo.- Notificar o presente acordo á adxudicataria e ao outro licitador.

Terceiro.- Requirir á adxudicataria para que no prazo dun (1) día hábil, e en calquera caso con anterioridade á instalación da barra/bar, acredite ante o Concello a subscrición dun seguro de responsabilidade civil, así como do pago da correspondente prima, nas condicións fixadas na cláusula cuarta, apartado 8 do Prego.

4.- CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS INCLUÍDOS NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DE CARÁCTER EXCEPCIONAL DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 18 de maio de 2022, aprobouse, de conformidade co disposto na Lei 20/2021, do 28 de

decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, do 29/12/21), a Oferta de Emprego Público excepcional correspondente a vinte e cinco (25) prazas estruturais de persoal laboral con vinculacións indefinida e temporal.

2º.- A Oferta de Emprego Público foi publicada no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica municipal e no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 96, correspondente ao día 20 de xuño de 2022.

3º.- Por resolución da Alcaldía, de data 26 de decembro de 2022, aprobáronse as bases dos procesos selectivos, sendo publicadas no BOP núm. 248, do día 29 de decembro de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- De conformidade co previsto no artigo 2.2 da citada Lei 20/2021, a resolución dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas na oferta de emprego público aprobada deberá rematar antes do día 31 de decembro de 2024.

Segundo.- O artigo 97, parágrafo primeiro, da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora da Bases do Réxime Local dispón que os anuncios de convocatorias de probas de acceso á función pública local e de concursos para a provisión de postos de traballo deberán publicarse no Boletín Oficial del Estado

Terceiro.- Pola súa banda, o artigo 205.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia textualmente dispón: *“Os anuncios de convocatorias de acceso ao emprego público local e dos procedementos para a provisión de postos de traballo deben publicarse no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia (...)”*.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo alcalde por Resolución de data 4 de xullo de 2023, por unanimidade dos Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Efectuar convocatoria pública para a provisión dos seguintes postos de traballo incluídos na Oferta de Emprego Público excepcional da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

- ✓ Unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, en quenda libre/estabilización.
- ✓ Unha praza de arquitecto técnico do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, en quenda libre/estabilización.
- ✓ Dúas prazas de mestre do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, en quenda libre/estabilización.
- ✓ Unha praza de educador familiar do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, en quenda libre/estabilización.
- ✓ Unha praza de técnico de medio ambiente do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, en quenda libre/estabilización.
- ✓ Dúas prazas de peóns do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, en quenda libre/estabilización.
- ✓ Nove prazas de auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, en quenda libre/estabilización.
- ✓ Unha praza de condutor do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, en quenda libre/estabilización.
- ✓ Unha praza de limpador do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, en quenda libre/estabilización.
- ✓ Unha praza de técnico informático do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, en quenda libre/estabilización.
- ✓ Unha praza de monitor deportivo do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, en quenda libre/estabilización.
- ✓ Unha praza de socorrista do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, en quenda libre/estabilización.
- ✓ Tres prazas de auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar do cadro de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso-oposición, en quenda libre/estabilización.

Segundo.- Publicar o correspondente anuncio de convocatoria das prazas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.

Terceiro.- O prazo de presentación de solicitudes para os procesos selectivos convocados será de vinte (20) días naturais contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial del Estado.

5.- NOMEAMENTO DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS PROCESOS SELECTIVOS INCLUÍDOS NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DE CARÁCTER EXCEPCIONAL DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO

De conformidade co sinalado na base sexta, apartado 7, das Bases dos procesos selectivos aprobadas por resolución da Alcaldía, de data 26 de decembro de 2022, e publicadas no BOP núm. 248, do día 29 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo alcalde por resolución de data 4 de xullo de 2023, por unanimidade dos Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Nomear aos seguintes membros integrantes dos tribunais cualificadores das prazas especificadas:

TRIBUNAL NÚM. 1 – PRAZAS INCLUÍDAS NOS ANEXOS I E II DAS BASES

PRESIDENTE: Titular: David Criado Taboada, secretario-interventor do Concello de Agolada

Suplente: Román Pérez García, técnico de Administración Xeral do Concello de Lalín

VOGAIS: Titular: María Pérez Seoane, técnica de Recursos Humanos do Concello de Lalín

Suplente: Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda

Titular: Milagros Vázquez García, técnica de Administración Xeral do Concello de Lalín

Suplente: Jorge Fernando García Fernández, técnico de Administración Xeral do Concello de Lalín

Titular: Ana Isabel Ferradáns Blanco, AEDL do Concello da Estrada

Suplente: María Teresa Rocha Blanco, psicóloga do CIM de Lalín

Titular: Juan Antonio Ortega Martínez, enxeñeiro da Oficina Comarcal da Consellería do Medio Rural de Lalín

Suplente: Rogelio Antonio Carrera Ares, técnico de Administración Xeral do Concello da Estrada.

SECRETARIO: Titular: José María Novo Ramos, secretario-interventor do Concello de Rodeiro

Suplente: Francisco Javier Lamazares García, administrativo do Concello de Rodeiro

TRIBUNAL NÚM. 2 – PRAZAS INCLUÍDAS NOS ANEXOS V E X DAS BASES

PRESIDENTE: Titular: David Criado Taboada, secretario-interventor do Concello de Agolada

Suplente: Román Pérez García, técnico de Administración Xeral do Concello de Lalín

VOGAIS: Titular: Alberto Viz Vázquez, técnico informático do Concello de Lalín

Suplente: María Teresa Rocha Blanco, psicóloga do CIM de Lalín

Titular: José Manuel Méndez García, técnico de Medio Ambiente do Concello de Lalín

Suplente: Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda

Titular: Francisco Guerra García, técnico de agricultura do Concello de Lalín

Suplente: Jorge Fernando García Fernández, técnico de Administración Xeral do Concello de Lalín

Titular: Nicolás Pérez Iglesias, AEDL do Concello de Agolada

Suplente: Rogelio Antonio Carrera Ares, técnico de Administración Xeral do Concello da Estrada.

SECRETARIO: Titular: José María Novo Ramos, secretario-interventor do Concello de Rodeiro

Suplente: Francisco Javier Lamazares García, administrativo do Concello de Rodeiro

TRIBUNAL NÚM. 3 – PRAZAS INCLUÍDAS NOS ANEXOS III, IV, VII E XIII DAS BASES

PRESIDENTE: Titular: David Criado Taboada, secretario-interventor do Concello de Agolada

Suplente: Román Pérez García, técnico de Administración Xeral do Concello de Lalín

VOGAIS: Titular: María Lara Hermida Fernández, traballadora social do Concello de Rodeiro

Suplente: María Teresa Rocha Blanco, psicóloga do CIM de Lalín

Titular: Antía Castro López, mestra da Consellería de Educación

Suplente: Nicolás Pérez Iglesias, AEDL do Concello de Agolada

Titular: María Belén Taboada Iglesias, orientadora laboral do Concello de Agolada

Suplente: María Carmen González Rodríguez, mestra da Consellería de Educación

Titular: Eva Prieto Rodríguez, educadora social do Concello de Lalín

Suplente: Margarita Lemos Teijeiro, traballadora social do Concello de Antas de Ulla

SECRETARIO: Titular: José María Novo Ramos, secretario-interventor do Concello de Rodeiro

Suplente: Francisco Javier Lamazares García, administrativo do Concello de Rodeiro

TRIBUNAL NÚM. 4 – PRAZAS INCLUÍDAS NOS ANEXOS XI E XII DAS BASES

PRESIDENTE: Titular: David Criado Taboada, secretario-interventor do Concello de Agolada

Suplente: Román Pérez García, técnico de Administración Xeral do Concello de Lalín

VOGAIS: Titular: Francisco Javier Aguiar Vázquez, profesor da Consellería de Educación

Suplente: Antonio José Ramos Anca, profesor da Consellería de Educación

Titular: Ricardo Vázquez Vahamonde, profesor da Consellería de Educación

Suplente: David Simal Fondevila, técnico deportivo da Deputación de Pontevedra

Titular: Matías Ezequiel Zarayán Velasco, profesor da Consellería de Educación

Suplente: David Carballo Calvelo, técnico deportivo do Concello da Estrada

Titular: Julio Couto Méijome, técnico deportivo do Concello de Lalín

Suplente: José Javier Sueiro Mojón, profesor da Consellería de Educación

SECRETARIO: Titular: José María Novo Ramos, secretario-interventor do Concello de Rodeiro

Suplente: Francisco Javier Lamazares García, administrativo do Concello de Rodeiro

TRIBUNAL NÚM. 5 – PRAZAS INCLUÍDAS NOS ANEXOS VI, VIII E IX DAS BASES

PRESIDENTE: Titular: David Criado Taboada, secretario-interventor do Concello de Agolada

Suplente: Román Pérez García, técnico de Administración Xeral do Concello de Lalín

VOGAIS: Titular: Juan Carlos Diéguez Patao, auxiliar administrativo do Concello de Rodeiro

Suplente: Soledad Rey Asorey, animadora sociocultural do Concello de Silleda

Titular: Manuel Ángel Ríos Curros, condutor da Mancomunidade Terras de Deza

Suplente: Susana Framiñán Ramos, administrativa do Concello de Silleda

Titular: José Antonio Arias Deza, operario de servizos diversos do Concello de Rodeiro

Suplente: María Belén Taboada Iglesias, orientadora laboral do Concello de Agolada

Titular: José Carballo Suárez, administrativo do Concello de Rodeiro

Suplente: Margarita Lemos Teijeiro, traballadora social do Concello de Antas de Ulla

SECRETARIO: Titular: José María Novo Ramos, secretario-interventor do Concello de Rodeiro

Suplente: Francisco Javier Lamazares García, administrativo do Concello de Rodeiro

6.- RECOÑECIMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADORA LABORAL INDEFINIDA DO CONCELLO

VISTA a petición formulada pola traballadora laboral indefinida, coa categoría de auxiliar de axuda no fogar, Dona María Carmen Diéguez Calvo (RE núm. 693, do 08/05/24), solicitando o recoñecemento do quinto trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballadora laboral deste Concello, así como os

servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 4 de xullo de 2012, 9 de abril de 2015, 12 de xuño de 2018 e 12 de maio de 2021, recoñeceulle o dereito ao percibo de catro trienios.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral indefinida Dona María Carmen Diéguez Calvo o seu dereito a percibir o quinto trienio con data de consolidación do día 19 de xaneiro de 2024 e con efectos económicos do día 1 de febreiro de 2024.

7.- CONCESIÓN DA SEGUNDA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 24 de xaneiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 15, correspondente ao día 22/01/24. Con data 15 de marzo do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 382, do 25/03/24).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 15/05/24, a Xunta de Goberno Local, por

unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a segunda quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	DNI/NIE PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	240,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	275,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
████████████████████	██████	Aldea de Baixo – Riobó	350,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	250,00 €	Alimentación, pagamento de produtos de hixiene e limpeza, e de produtos farmacéuticos

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2024. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2025. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 6.986,54 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de marzo de 2024, s/recibos.

- NATURGY IBERIA S.A. 4.393,35 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de marzo de 2024, s/recibos.
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 31,11 €
Por subministro de diverso material de limpeza para o Concello, s/factura núm. 13475.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 267,44 € E 9,34 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de abril de 2024, s/facturas núm. 4003991509 e 4003982400 (FACe).
- RODOIL S.L. 149,25 € E 67,01 €
Por subministro de combustible aos vehículos da AVPC no mes de abril de 2024, s/factura núm. 2024/24/000130 e 2024/24/000133 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 1.119,87 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de abril de 2024, s/factura núm. A/69 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 56,76 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de abril de 2024, s/factura núm. 24ZNX0102722 (FACe).
- RODOIL S.L. 165,09 €, 153,80 €, 36,38 €, 587,32 €, 262,51 € E 169,85 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de abril de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000136, 2024/24/000139, 2024/24/000141, 2024/24/000143, 2024/24/000144 e 2024/24/000145 (FACe).

- RODOIL S.L. 60,56 €, 351,46 €, 111,70 €, 376,71 € E 405,48 €
Por subministro de combustible aos vehículos e maquinaria da Mancomunidade no mes de abril de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000131, 2024/24/000134, 2024/24/000135, 2024/24/000140 e 2024/24/000142 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 955,01 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 001001.
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 1.185,80 €
Por traballos de reparación e pintura realizados no ximnasio municipal e no PAI, s/factura núm. 2024/5 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 1.064,80 €
Por traballos de reparación no manancial de auga de Areosa, s/factura núm. 2024/6 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 741,04 €, 1.473,28, 1.522,63 € E 247,86 €
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/facturas núm. 20241161, 20241162, 20241163 e 20241376 (FACe).
- RODOIL S.L. 4,01 €, 26,45 € E 5,00 €
Por lavados dos camiões de recollida do lixo e subministro de combustible á máquina varredora no mes de abril de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000132, 2024/24/000137 e 2024/24/000138 (FACe).
- TOXO VERDE S.C. 423,50 €
Por gravación e montaxe de vídeo resume do Entroido 2024, s/factura núm. S/201800042 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 2.364,82 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041270119 (FACe).

- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 1.391,50 €
Por traballos de reparación do pavimento de pedra da praza do Concello, s/factura núm. 2024/7 (FACe).
- CONSTRUCCIONES TOPETE S.C. 1.754,50 €
Por traballos de acondicionamento de camiño no lugar das Pobanzas, s/factura núm. 3.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)